

EXPEDIENTE 1695/2023

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, ENXEÑEIRO/A. PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Sendo as 8:00 horas do día 15 de xullo de 2024, O Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial, enxeñeiro/a, reúnese videoconferencia para formular nova proposta de nomeamento, coa presenza das seguintes persoas integrantes do Tribunal:

PRESIDENTE:

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda).

SECRETARIA

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda).

VOGAIS

Titular.-Eduardo Artime Rial (Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra).

Titular.-María del Mar González Estévez (Enxeñeira de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra).

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

A Presidencia declara constituído o Tribunal cualificador.

I.- Con data 25 de xuño de 2024 o Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial, enxeñeiro/a, Oferta de Emprego 2023, publica o resultado definitivo do proceso selectivo e propón o nomeamento de Dona Inés Mera Rico.

II. Con data 12 de xullo de 2024 Dona Inés Mera Rico, en prazo de presentación de documentación e antes de ser nomeada como funcionaria do Concello de Silleda presenta a súa renuncia por ter superado outro proceso selectivo.

III. De acordo coas bases que rexen a convocatoria, a consecuencia de que a persoa aspirante non tome posesión unha vez nomeada é a de declarar a praza deserta (Base 9.3) e a de que non presente documentación trala proposta de nomeamento é a de anular as súas actuacións (Base 9.2).



IV. O Decreto Número 2024-0571 de data 12 de xullo de 2024 resolve “1º. Anular a proposta definitiva de nomeamento do PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE UNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL: ENXEÑEIRO/A pola que se propón a Dona Inés Mera Rico.

2º. Requerir do Tribunal do proceso selectivo a formulación dunha nova proposta de nomeamento”.

Ao abeiro do exposto, o **Tribunal ACORDA POR UNANIMIDADE**

Primeiro.- Elevar a Alcaldía, o nomeamento de **DON EVARISTO JUNCAL FROJÁN** como persoa candidata que superou o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Enxeñeiro/a.

Segundo.- Proceder á publicación da nova proposta de nomeamento no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Silleda.

Non habendo máis asuntos que tratar dase por remato o acto, esténdendose a presente acta que é asinada por todas as persoas integrantes do Tribunal, do que dou fe.

Documento asinado dixitalmente

Presidente, Leopoldo Moure Dopico

Vogais, Juan Carlos Peteiro Rodríguez, María del mar González Estévez, Eduardo Artime Rial

Secretaria, Carmen Miranda Posse

